



Uninova

Iniciativas Empresariais Innovadoras

CONCURSO PÚBLICO

RESOLUCIÓN 1/2019, DE UNINOVA, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O PROXECTO SPIN_UP QUE FIGURA NO ANEXO DESTA RESOLUCIÓN

A Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. (UNINOVA) convoca Concurso Público de méritos **Nº 1/2020** para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades que figuran no anexo I de esta convocatoria, de acordo coas seguintes bases.

BASES DA CONVOCATORIA

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal, para a súa contratación temporal, para colaborar na realización das actividades que figuran no anexo I da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará e traballará especificamente no proxecto para o que é contratado, que é de carácter finalista e en todo caso non estrutural, mediante o financiamento externo a través da participación no Programa de Cooperación Transfronteiriza INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 co financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A forma de provisión será a de concurso de méritos, a través da valoración dos criterios de baremación establecidos.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade para a que realizan a solicitude, e que figuran no anexo I desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados



Uninova

Iniciativas Empresariais Inovadoras

internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

- b) Estar en posesión da titulación válida en España que se indique no anexo da convocatoria así como dos demais requisitos esixidos no momento do remate do prazo de solicitudes.
- c) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.
- d) No caso de nacionais de outros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Ter cumprido os dezaseis anos
- f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

2

3.- PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo mediante a instancia, segundo o modelo que figura como anexo II desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria na páxina web de Uninova e no taboleiro de anuncios do Edificio Emprendia.

As solicitudes serán presentadas na sede da entidade ou enviadas por correo certificado en sobre aberto á sede de Uninova sita no Edificio Emprendia, Campus Vida s/n . 15782 Santiago de Compostela (A Coruña).

4.- DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou NIE
- Curriculum Vitae, destacando os méritos que se establecen como criterios de valoración no anexo I da convocatoria.
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

A documentación aportada coas solicitudes pódese recuperar solicitándoa a Uninova durante os 3 meses seguintes á data de publicación da Resolución de Selección. Pasado ese prazo procederáse a súa destrución.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, UNINOVA ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos que será publicada no taboleiro de anuncios do Edificio Emprendia e na web de Uninova, con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

As persoas aspirantes excluídas, disporán dun prazo de CINCO (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, na web de Uninova, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe, cuxa publicación farase efectiva no prazo de 3 días hábiles a contar dende o remate de prazo de solicitudes para presentar emendas, poderase consultar no taboleiro de anuncios do Edificio Emprendia e na web de Uninova.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse debidamente.

6.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o seguinte:

- a) Valoración dos méritos dos candidatos segundo o baremo especificado no anexo I
- b) Entrevista persoal
- c) Proposta de contratación do candidato/a seleccionado/a para a formalización do contrato ao Conselleiro Delegado de Uninova

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente Comisión de selección, a cal, á vista das solicitudes e currículos presentados así como dos criterios de baremación publicados, soamente valorará aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

As propostas da comisión de selección recollerán a orde de prelación das persoas aspirantes seleccionadas, correspondendo a proposta de adxudicación á persoa aspirante con maior puntuación. De ser o caso, e para asegurar a cobertura do contrato, a comisión publicará así mesmo unha relación complementaria de aspirantes ordenada segundo a puntuación acadada. A vixencia das listas rematará coa finalización da actividade que deu lugar á súa elaboración.

A comisión poderá declarar deserta a selección dos contratos obxecto de convocatoria no caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos das persoas aspirantes mediante acordo suficientemente motivado que se incluirá na correspondente acta.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente:

Don José Luis Villaverde Acuña. Membro do Consello de Administración de Uninova

Vogal:

Dona Mónica Suárez Gómez. Persoal contratado de Uninova

Secretaria:

Dona Rosa María Sánchez Santos. Persoal contratado de Uninova

Os membros da comisión deberán declarar que non concorren en causa de abstención ou recusación cos aspirantes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ninguén.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia de todos os seus membros. Na devandita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, de todos os seus membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados valorará os méritos alegados polos aspirantes.

Soamente pasaran á fase b), entrevistas, as 5 persoas que acaden a máxima puntuación na a fase a).

O prazo máximo para resolver a convocatoria de selección será de 1 mes a contar desde a súa publicación.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características do contrato son as establecidas no anexo I desta convocatoria. En todo caso, o persoal contratado a través desta convocatoria dedicarse en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto que orixina a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica así como á existencia de financiación concreta derivada do mesmo.

Os contratos terán carácter laboral temporal e realizaranse preferentemente baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado/ para a realización dun proxecto específico

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, no momento de sinatura do contrato, a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido para a convocatoria na que foron seleccionados, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real decreto 967/2014, do 21 de



Uninova

Iniciativas Empresariais Innovadoras

novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado

A retribución bruta dos contratos é a especificada no anexo I da convocatoria. O contrato implicará ademais a alta no réxime xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobrevenidas non previstas inicialmente

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación levarase a cabo a través dun contrato temporal por obra ou servizo para o desenvolvemento das actividades do proxecto SPIN_UP (Definición e implementación de NLT para a promoción de SpinOffs Universitarias e StartUps innovadoras) do Programa de Cooperación Transfronteiriza INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 co financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal de Uninova.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

A persoa contratada deberá manter a confidencialidade da actividade que realice, así como gardar sixilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor, durante a súa contratación e unha vez rematada a mesma .


10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que figuran no anexo I desta convocatoria.

11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

As publicacións oficiais derivadas destes bases a efectos legais de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios do Edificio Emprendia. Así mesmo serán publicadas complementariamente na páxina web de Uninova **www.uninova.org** no apartado transparencia

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020



Asdo.: Vicente Pérez Muñuzuri
Conselleiro Delegado de Uninova



Uninova

Iniciativas Empresariais Innovadoras

ANEXO I

REFERENCIA DA PRAZA: P001/2020

DATOS DO PROXECTO PARA A QUE SE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Proxecto SPIN_UP (Definición e implementación de NLT para a promoción de SpinOffs Universitarias e StartUps innovadoras) <i>Este proxecto foi cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da</i>
Centro de Traballo	Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.(UNINOVA).
CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO	
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Colaboración e participación en todas as actividades do proxecto: Identificación do entorno (Identificación de patentes e resultados de investigación potencialmente patentables vinculados ás áreas estratéxicas do proxecto; organización de xornadas de networking). Identificación de proxectos empresariais. Perfeccionamento do modelo de negocio (acordos transferencia; patentes, etc...). Actividades de promoción da inversión. Actividades de comunicación. Xestión e coordinación (informes, certificacións, xustificacións...) .
Retribución bruta mensual	1.650 €
Duración do contrato	Ata 31/12/2021.
Tipo de contrato	Temporal por obra ou servizo determinado. Para a realización dos puntos descritos no apartado traballo
Data de inicio prevista	Marzo 2020
Xornada laboral	Tempo completo
Categoría laboral	Técnico
REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	
Grao ou titulacións anteriores equivalentes.	

8



Uninova

Iniciativas Empresariais Innovadoras

MÉRITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Nº1	Grao ou titulación anteriores equivalentes en: Economía e/ou ADE Ciencia Política e da administración Relacións Laborais e Recursos Humanos	15
Nº2	Experiencia acreditable en apoio á creación de spin- off e start-ups	10
Nº3	Formación en transferencia de tecnoloxía en entidades públicas	10
Nº4	Experiencia en solicitude, xestión e xustificación de proxectos Interreg (POCTEP, Espazo Atlántico, etc...) ou outros proxectos europeos	20
Nº5	Coñecemento de idiomas (Portugués e inglés)	20
Nº7	Entrevista persoal. A entrevista realizarase aos 5 candidatos/as que acaden a máxima puntuación na fase a).	25



Uninova

Iniciativas Empresariais Inovadoras

ANEXO II

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA P001/2020 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

DATOS PERSOAIS

Nome: DNI:	Apelidos:
---------------	-----------

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Rúa, número, planta, porta:	C.P:
Municipio, Provincia:	Teléfono:

CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Correo electrónico a efectos de notificacións:
--

Solicita participar no proceso selectivo da praza con referencia P001/2020 e declara que acepta as bases da convocatoria e garante a veracidade dos méritos alegados e documentos presentados.	
--	--

10

Santiago a ___ de _____ de 2020

Sinatura

**Documentación a presentar: Fotocopia do DNI, fotocopia do título, fotocopia dos documentos xustificativos dos méritos alegados.
SR. CONSELLEIRO DELEGADO**